

ACTA DO TRIBUNAL CALIFICADOR DO SEGUNDO PROCESO PARA AS PROBAS DE SELECCIÓN DE CATRO SOCORRISTAS (SERVIZO DE VIXILANCIA DE PRAIAS)

Proceso selectivo: Contratación de CATRO SOCORRISTAS mediante a modalidade de contrato laboral temporal a xornada completa durante un período dun máximo de dúas mensualidades.

Nas dependencias da Casa de Cultura “Cuartel Vello” do Concello de Rianxo, sendo as once e vinte horas, do día 06 de xullo de 2016, reúnese o Tribunal Cualificador que avalía as probas selectivas para prover catro prazas de SOCORRISTAS, para a realización do SERVIZO DE VIXILANCIA DE PRAIAS, coa seguinte composición:

Presidente: Enrique Manuel López González, técnico medio de actividades (II)

Vocal: Rebeca Suárez Martínez, animadora cultural municipal (II)

Asesora Probas Físicas: Martina Ríos Bello, secretaria de Federación de Salvamento e Socorrismo de Galicia (FESSGA)

Secretaria: Mauricia Ces Quintáns, auxiliar administrativa municipal (C2)

O día 01/07/2016 este tribunal asinou a acta correspondente ao proceso realizado no dito día e do que saíu proposto para a súa contratación o aspirante que supero o proceso, Basilio Blanco Silvarriño.

O día 04/07/2016 o alcalde enviou á oficina de Boiro do Servizo Público de Emprego o resultado acadado e no que solicitaba o envío de máis persoas aspirantes.

O día 05/07/2016 a dita oficina remitiu unha nova listaxe que incluía a 20 persoas aspirantes e que foron convocadas para presentarse no día de hoxe, ás 11:00 horas, para a realización das probas e avaliación do concurso, segundo o establecido nas bases.

Preséntase á 11:20 horas dúas persoas aspirantes e quedan excluídas todas as non presentadas.

Unha vez comprobada a documentación que presentan o Tribunal comproba que o aspirante Miguel Prada Rodríguez non reúne o requisito mínimo de inscrición no Rexistro Profesional de Socorristas acuáticos de Galicia polo que tamén queda excluído.

Ás once trinta horas realízase a proba de RCP á outra persoa aspirante presentada e obtén o resultado de APTO.

Tamén se lle recolle nese momento a documentación xustificativa dos méritos alegados e de coñecemento de galego, polo que queda exento de realización da dita proba.

Neste momento o tribunal, para unha mellor organización do proceso, inverte a orde establecida para a realización das probas e determina deixar a proba de natación para o final.

Ás 11:45 horas iníciase a proba teórica de coñecementos para o que se establece un tempo de 20 minutos e que remata ás 12:00. O tribunal corrixe o exame segundo o establecido nas bases e o aspirante obtén unha puntuación de 3,30 puntos.

O tribunal realiza despois a valoración dos méritos alegados polo aspirante e na que obtén unha puntuación de 4 puntos. Non acredita documentalmente a experiencia polo que non se lle puntúa.

Ás 12:10 horas iníciase a entrevista segundo o establecido nas bases de selección na que se lle outorga 1,00 punto.

Despois disto trasládanse os membros do tribunal e a persoa aspirante á Piscina Municipal para realizar a proba de natación a cal supera nun tempo de 59'87", obtendo a puntuación máxima por non haber mais aspirantes no día da data e non ter superado en máis de 5" o tempo realizado por Basilio

Blanco Silvariño na sesión anterior do proceso.

Rematadas todas as probas e valoracións, a persoa aspirante obtén a seguinte puntuación final:

Apelidos e nome	Req. Mín.	Oposición			Concurso	Entrevista	TOTAL
		R.C.P.	Natación	Proba Escrita			
Antelo Barreiro, Xesús Xavier	Si	Apto	10,00	3,30	4	1,00	18,30

De acordo coas bases que rexen a convocatoria o Tribunal propón á única persoa aspirante desta sesión para cubrir, temporalmente, unha das tres prazas pendentes de SOCORRISTA do Concello de Rianxo.

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as doce trinta horas, a Presidencia remata a sesión, da que se estende a presente acta, que será subscribida polos membros do Tribunal.

A presente acta será exposta no Taboleiro de anuncios do Concello.